

En vías de resolución a problemática da N-120

Páxina 3

A modificación do PXOM acelerará o Centro de Saúde

Páxina 6

Mantense o conflito entre o SAF e Óbolo

Páxina 6

Nava Castro seguirá a presidir o PP local

Páxina 7

Novo Párroco na Cañiza

Páxina 9

O Covelo fomenta a natalidade

Páxina 10

Primeiro parque para animais no Porriño

Páxina 11

Novo local da Asociación de Mulleres Rurais de Mos

Páxina 14

Máis seguridade no IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas

Páxina 15



A nova EDAR de Moscadeira permitirá o saneamento integral

Páxina 5

Os orzamentos 2026 da Cañiza superan os seis millóns de euros

Páxina 9



DISFRUTA DEL BLACK FRIDAY
Antes de lo que piensas

pikolin LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

del 5 de noviembre al 1 de diciembre **pikolin**

BLA%KFRIDAY

60% 60% 60%

BLA%KFRIDAY

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



A que botamos man?

Hai momentos na vida nos que nos atopamos diante dun folio ou pantalla en branco e non sabemos como comezar a escribir ou de que escribir. Son tantos os temas que se amorean nas nosas mentes que resulta complicado elixir. Este é un deses momentos.

Se analizamos todo o que nos arrodea podemos atoparnos con que só podemos anunciar titulares, porque se entramos “a matar”, como vulgarmente se di, non sería un editorial o noso cometido senón todo un tratado de todo e de nada. Porque sobre a mesa do noso escritorio temos unha chea de temas que dificilmente podemos obviar.

Aí están Palestina que segue sangrando, aínda que nos digan que chegaron a un acordo de alto o fogo. Pero se o problema, con ser horrible, non é o fogo, o problema é que os tanques e fusiles seguen botando fume cando se lle ocorre aos xudeus por un “quírame esas pallas que me molestan”.

Días pasados o Ministro de Exteriores español reconecía publicamente que o comportamento dos españois en México (e por extensión no resto dos países descubertos) non foi o que se nos ven explicando dende que fomos á escola. Alí houbo abusos un cento. Alí fomos porque nos dixeron que había ouro e outra lindezas que aquí non tiñamos ou estaban acabadas coas guerras europeas. A cousa non fixo máis que comezar. Seguirán saíndo á luz as barbaridades que fixemos en México, en Perú, etc. Claro que Feijóo saíu amosando os dentes (como aquí non lle dan cacho) asegurando que el non se avergoña de nada da nosa historia. Nin sequera da Sublevación do exército con Franco á cabeza.

Precisamente deste señor, de Franco, por ser educados, podemos ver en pantalla grandes cousas que ata agora non se vían. Unha película sobre a Guerra Civil (xa foi pasada pola pantalla grande tempo atrás) pero agora se nos ofrece na pantalla pequena dos nosos televisores: “Mientras dure la guerra”. Aí poderían os nosos



mozos e mozas decatarse de algo, non demasiado, do que realmente pasou e de cal foi o papel dese militar de Ferrol que hoxe tanto admiran.

Outro tema interesante sobre o que poderíamos escribir longo e tendido é o referido á Transición. Resulta que o rei Emérito (vaia nome lle foron asignar) di que foi grazas as súas boas artes que chegamos vivos despois de rematar a sublevación franquista. Unha mentira como tantas das que nos teñen contado pero que se cala, e se alguén cre que iso foi así, mellor que mellor para eses energúmenos que están erguendo o brazo e escacendo o que moitos tivemos que facer por eles.

Xa non falemos dos xuízos que se celebran no Supremo estes días fundamentados en mentiras e montaxes xornalísticos que deberan dar vergoña allea.

Todo isto está sobre a mesa dos nosos despachos e nos mostradores das cafeterías para quen queira ilustrarse. Claro que aquí, como sempre digo, cada quen traballa pro domo sua (para súa casa, vaia).

Deixo para o final, non por non ser interesante senón porque está máis fresco e resulta de comida diaria, as algarabías que montan nas universidades e nas prazas cada tres por catro os nosos mozos e mozas. Parece ser que tentan salvarnos deste pozo de ignorancia no que se nos meteu nos últimos 50 anos. Eles si que

teñen as cousas claras e nós, pobriños, somos uns pobres ignorantes que nos cremos todo o que nos dixeron e nos din aínda hoxe.

Este resulta ser o tema máis serio a tratar; sen embargo está crescendo día a día e moito me temo que en pouco tempo sexan uns novos de “la calle es mía y aquí nadie se mueve”.

E non me esquezo do problema da vivenda enlazado e relacionado con todo o demais porque non se trata de algo illado. Non é que non teñamos vivendas para todos; é que quen as ten utilizaas como ferramenta de presión sobre o mercado e arma para enriquecerse. Claro, os que aínda non tiveron tempo de chegar aí atópanse con que ou dormen na rúa ou se montan comunas en vivendas de aluguer. E aínda así o teñen cru.

Pero, para mín o máis grave non é, con selo, que asistamos a unha sociedade chea de necesidades incumplidas e de parellas sen lugar para formar unha familia. O problema é que a ferida produciuse hai tempo e segue a crecer sen que teñamos maneira de curala. Os sanadores prefiren que o enfermo se deteriore de tal maneira que só lle quede aceptar esta situación ou botarse ao monte. Cousa que non lle permiten porque está moi mal vista. Hai que ser xente de orde, respectuosa, obediencia. Pouco importa que sexa coa barriga baleira; o caso é que non moleste aos cidadáns honrados, ben vestidos, con coche de marca. Ao que controla todo isto porque o herdou, ou o conseguiu aproveitando o momento da febre do ladrillo ou, tamén, o roubou con documentos ou sen eles.

Ben, como poden comprobar podería dedicar este editorial a calquera destes temas e outros máis que aínda quedan por aí. Non o vou facer porque vostedes non teñen porqué sufrir as miñas veleidades. Pero non quero rematar sen facer alusión ao problema de fondo.

Como se dicía nunha campaña dos anos 50 do século pasado: “todo está nos

libros”. Efectivamente, todo está nos libros, claro que depende de que libros e de quen foi o autor ou editor dos mesmos. É aquí onde radica o problema. Os que nacemos despois da guerra pero aínda cos fusís de cano quente, mamamos a idea de que había que ser respectuosos, non meterse a facer preguntas incómodas que, por outra banda, ninguén respondía. Logo díxéronnos que íamos vivir mellor que os nosos pais. Non sei se foi verdade, algo mellor tal vez. Pero pasado un tempo chegamos aos momentos actuais e á mocidade dínlle que non teñen nada que facer nin que perder. A sociedade non está preparada para eles e, polo tanto, deben derrubar todo o feito par erguer algo novo. Quizás poderíamos estar de acordo senón fora porque o que pretende reivindicar a mocidade actual é volver aos tempos xa vividos onde non se nos permitía facer preguntas, por se acaso. Hoxe todo o mundo pode protestar se non está cómodo coa sociedade que lle toca vivir. Pode montar algaradas para reivindicar os tempos que outros vivimos e sufrimos en silencio. Podería ser aceptado se non fora porque descoñecen de que tempos están a falar; que sociedade pretenden reivindicar. É dunha irresponsabilidade abraiante.

Quen educa, educou ou segue, en teoría, educando, por dicir algo, a estes mozos e mozas? Quen lles promete o “ouro e o mouro”? Mellor, quen non se atreveu a educar estas camadas, que diría o Beiras, para que soberan de que están a falar? Quen foi? Quen se fai responsable? Eu si; eu fágome responsable do que non me atrevín a facer con maior contundencia: abrílle os ollos aos alumnos que puxeron nas miñas mans; explicarlles que a historia pódese coñecer de moitas maneiras pero que nunca se pode pretender repetir sen ter antes coñecido como foi, como viviron e sufriron os que tamén pretendían vivir mellor, ser libres, pensar sen ter que pagar por elo.

O que estea libre de pecado que tire o primeiro croio. Eu entono o meu culpa.

Agora que vén o Nadal; sexan felices cos seus seres queridos e tomen con coidado as 12 uvas, non vaia a ser que se atraganten. Bastantes cousas desagradables temos que tragar para que tamén as uvas de fin de ano nos gasten unha mala pasada. Sexan felices.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

A Plataforma N-120 anuncia a “resolución definitiva” das súas reivindicacións

A Plataforma pola mellora da N-120 celebrou a publicación no Boletín Oficial del Estado (BOE) este 17 de outubro do anuncio oficial da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia pola que se informa da Resolución do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible de aprobación do expediente de “Construcción de glorietas y tratamiento de márgenes de la carretera N-120 entre el pk. 644,900 y 649,950”.

Esta publicación supón a oficialización da resolución e o punto e final á vía administrativa do proxecto. O BOE recolle que a través desta resolución firme do



Ministerio, dásese cumprimento ás prescricións presentadas ao proxecto, que contarán cun orzamento de 3.349.639,37 euros.

Entre as demandas atendidas destacan a revisión, implantación

ou eliminación de paradas de autobús e pasos de peóns; a eliminación da glorieta prevista no punto quilométrico 646+470; a mellora do acceso no PK 649+550; o mantemento dos accesos existentes; a actualización dos servizos (gas, auga, telecomunicacións) con notificación ás empresas subministradoras afectadas; a protección do patrimonio arqueolóxico (zona de Cividá); a nova consulta ao Catastro para actualizar as titularidades das parcelas; a modificación do deseño das glorietas e inclusión da anchura suficiente para permitir o paso de vehículos especiais; e o fresado da plataforma existente.

Novo Punto Limpo no centro urbano



No marco da visita de Agustín Reguera, delegado da Xunta en Pontevedra, o Concello informou dun punto limpo de proximidade na rúa Rogelio Groba. No acto estiveron presentes a Alcaldesa Nava Castro e o concelleiro responsable do servizo de recollida

do lixo, Jesús Cao.

Ponteareas recibiu máis de 73.000€ como parte da liña destinada á adquisición de puntos limpos móbiles e 9.000€ para adquisición de puntos limpos de proximidade no marco do cofinanciamento dos fondos Next-Generation da UE.

Estratexias comúns coa Valedora do Pobo

A Valedora do Pobo galego, María Dolores Fernández, e a responsable da área de Seguridade Cidadá e Protección da institución rexional, Mar Barcón, mantiveron unha xuntanza telemática de traballo cos representantes da Plataforma N-120, á que asistiron tamén voceiros municipais de distintas forzas políticas, para concretar iniciativas comúns ante o Ministerio.

A Valedora do Pobo comprometeuse a redactar un informe sobre o caso e a elevalo ao seu



homólogo a nivel nacional, o Valedor del Pueblo, xa que é este organismo o que ten competencia

directa ao tratarse dun asunto relativo ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

Compromiso coa saúde ambiental

Alcaldesa Nava Castro participou na xornada “25 anos de compromiso cos Concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”, estando presente na mesa redonda “Contribución do programa galego

municipios saudables e sostibles 2000-2025 á sostibilidade ambiental dos concellos galegos e á saúde ambiental de Galicia”.

O evento foi organizado polo Doutor e Fillo Predilecto de Ponteareas, Francisco Peña, en cola-

boración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta. A estratexia “Infraestrutura Verde” coloca a Ponteareas como pioneiro na concreción de iniciativas de conservación e potenciación dos espazos medioambientais.

Reforma integral no Centro Social

O Concello está a executar obras de mellora integral no Centro Social municipal situado na rúa Oriente, cun investimento total de 161.608,76€ financiados co apoio da Xunta e destinadas a garantir a conservación do edificio e mellorar o confort das persoas usuarias. As reformas contribuirán igualmente a un mellor equipamento do CIM, se-



gundo explicou a concelleira de Urbanismo, Silvia Fdez Táboas.

Arístides Carrera presenta libro sobre a toponimia de Cristiñade

O Centro Cultural Antorcha presentará o sábado 22 de novembro ás 19 horas o último traballo do investigador Arístides Carrera co título “Cristiñade”, novas revelacións sobre os topónimos de Ponteareas.

Conducido por Gonzalo Otero, no acto intervirán Jorge Alonso, editor de Agoeiro, Anxo Porto, profesor ad honorem da USC, e o autor Arístides Carrera. Tamén haberá actuación musical de Miguel Porto.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A “tanxugueira” Sabela Maneiro en Artistea

Grazas ao convenio de colaboración asinado entre o Concello e a Asociación DELOA, a IV edición da Residencia Artística Artistea que se desenvolveu do 20 ao 24 de outubro tivo como principais protagonistas á “tanxugueira” Sabela Maneiro; ao locutor e xornalista da RNE, Ángel Carmona; e á avogada experta en propiedade intelectual Lucía Sánchez, da Fundación Paco de Lucía.

A iniciativa busca poñer en valor o patrimonio cultural inmaterial galego, establecendo pontes entre a tradición galega e o flamenco a través de encontros



creativos e procesos colaborativos. Forma parte do proxecto de cooperación “Interritos: Raíces Vivas”, impulsado por varios Grupos de Desenvolvemento Rural galegos —entre eles o GDR Terra e Auga— e coordinado por DELOA en cola-

boración coa Fundación Paideia e a Fundación Paco de Lucía. O proxecto inscribíse no marco do Programa LEADER de Galicia 2023-2027, cofinanciado polo LEADER e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

As viñetas de Laxeiro

O Concello e a Fundación Laxeiro presentaron en Artistea unha exposición que reúne todas as viñetas humorísticas que Laxeiro publicou nos xornais “El Pueblo Gallego” e “Faro de Vigo” os anos 1928, 1929 e 1930. Co gallo da exposición, a editorial Laiovento, publicou o libro homónimo que reproduce as 49 viñetas acompañadas ademais con textos



asinados por Manuel Igrexas, Félix Caballero e Javier Pérez Buján que estará a disposición na librería local Milfollas.

Edición especial da partitura “Carpio” de Reveriano Soutullo

Os musicólogos pontearenses Iago Sobrino e Marcos Amado entregaron á Alcadesa Nava Castro a partitura da edición especial de “Carpio” do mestre Reveriano Soutullo, un pasodobre flamenco. Diante da Casa do Concello o público gozou da estrea desta edición interpretada pola Banda de Música de Xinzo que tamén recibiu nas mans da súa presidenta, Silvia Fdez. Táboas, unha copia da partitura. Castro adiantou que esta e outras



partituras do Mestre Soutullo estarán nas tablets coas que traballarán os máis de 200 alumnos/as do conservatorio municipal.

Ciclo de homenaxe ao Mestre Reveriano Soutullo



Cunhas xornadas realizadas entre o 20 e 29 de outubro, o Concello honrou o legado do mestre Reveriano Soutullo arredor de conferencias, concertos e presentacións de partituras. Nestas xornadas participaron a súa

neta María Rosa Arija; a Banda de Música de Xinzo; os musicólogos Iago Sobrino e Marcos Amado; e o pianista Alejo Amoedo cunha charla-concerto. Tamén se realizou unha ofrenda floral ao pé do busto do mestre diante do Concello.

Memoria Democrática para Benito Casanovas Rodríguez

O PSdeG-PSOE de Ponteareas organizou este 30 de outubro no Auditorio Municipal unha xornada de recoñecemento a Benito Casanovas Rodríguez, alcalde republicano da vila en 1936, na véspera do Día da Memoria Democrática. Participaron Iván Puente, responsable de memoria histórica do PSdeG; Francisco Candeira, ex-alcalde socialista; e Vanesa Fernández, secretaria xeral local.



Trofeo Amizade de natación

O XXV Trofeo Amizade e XVI Trofeo Concello de Ponteareas contará nesta ocasión con 260 deportistas agrupados en 10 clubs, sendo algún dos máis representativos da natación galega. Du-

rante a presentación do evento, que repartirá premios de 1.000€ entre tres primeiros e primeiras clasificadas, a Alcadesa Nava Castro anunciou un orzamento de 1.400.000€ para obras de mellora da piscina municipal.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Gestiones catastrales
Mediciones
Inventario de bienes
Partición de herencias-Sucesiones
Informes periciales
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 Bj. Ponteareas

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos **Facebook**

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

PONTEAREAS

Inaugurada a nova Depuradora de Augas Residuais da Moscadeira

O goberno municipal encabezado pola Alcaldesa Nava Castro, o tenente de Alcaldesa, Juan Carlos González Carrera, e a concelleira de Infraestruturas, Raquel Bautista, inauguraron o 31 de outubro a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), que contou cun investimento total de 18M€ dos que a Xunta achegou un 16% do custo das obras.

A nova EDAR permitirá o saneamento integral de tódalas parroquias do municipio, beneficiando a unha poboación de máis de 20.000 habitantes equivalentes. Dende setembro de 2025, o Concello asume a xestión da explotación das instalacións.

O proxecto implicou a ampliación e reforma da EDAR da Moscadeira, que inclúe a rehabilitación e ampliación da obra de chegada e pretratamento de augas, a ampliación da capacidade de tratamento do reactor biolóxico, a execución dun segundo decantador



secundario e a adaptación da liña de auga ao novo caudal máximo previsto de 67.392 m³/día. Ademais, levouse a cabo a construción dos Colectores Perimetral Norte e Perimetral Sur e rehabilitouse o último tramo do Colector Interceptor del Río Xinzo, incorporando un novo pozo de bombeo que conecta coa depuradora.

BNG e PSOE reivindicaron a súa xestión

Tras amosar a súa satisfacción pola nova EDAR, o BNG lembrou “o investimento de 14M€ nesta infraestrutura, grazas ao convenio

asinado en 2023 entre o Concello, a Xunta e o Estado sendo alcaldesa Cristina Fernández” toda vez “as negociacións co Estado para acadar este investimento xa foran iniciadas por Xosé Represas”.

Pola súa banda, a voceira municipal socialista Vanesa Fernández indicou que este investimento total de máis 14M€ foi posible grazas ao Goberno de España, a través de fondos FEDER, ao asumir o 50% do custo. O Concello achega o 30% a través dun convenio asinado con ACUAES e a Xunta contribúe co 20% restante.

“Ti tes a chave” para utilizar o colector marrón

O Concello comezou na Praza de Bugallal a campaña “Ti tes a chave” para incentivar a separación de residuos orgánicos no colector marrón. A Alcaldesa Nava Castro, e o concelleiro de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Réxime Interior e Persoal, Jesús Manuel Cao, estiveron na carpa para promover o kit de benvída, que inclúe a tarxeta de apertura dos colectores e material divul-



gativo. Co apoio da Xunta e dos fondos Next Generation UE, o Concello impulsa novas accións informativas en diferentes puntos municipais.

“Rosqui” dinamizará o Museo

O Concello presentou a “Rosqui”, a mascota coa que pretende que o público infantil ponteareán dinamice as visitas ao Museo Municipal para atraer ao público infantil. A iniciativa conta coa colaboración da Asociación do Patrimonio Cultural Val do Tea.



“Rosqui” dá a benvída a unha xornada de entretemento no museo municipal na que deberán descubrir a peza máis importante do museo, coñecer a chegada dos romanos a Galicia

ou recrear a vida no Castro de Troña a través de pistas ademais de tomar contacto coas figuras do ciclismo ou estudiosos e persoas como Fermín Bouza Brey ou Reveriano Soutullo.

“A Casiña”, aula NEE no CEIP As Veigas

Alcaldesa Nava Castro inaugurou a nova aula denominada “A Casiña” para alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) no CEIP As Veigas. No acto tamén participaron o concelleiro de Ensino, Ricardo González, a dirección do centro educativo e a FANPO, así como representantes da ANPA e da comunidade educativa do CEIP. As obras completáronse co cambio de carpintería para unha mellor eficiencia enerxética. No CEIP estudan na actualidade 394 alum-



nas/os que contan con servizo de aula municipal matinal, comedor

escolar e actividades extraescolares

Nova canle de WhatsApp

O Concello puxo en marcha unha nova canle de comunicación gratuíta a través de WhatsApp para facilitar o acceso da veciñanza a cursos, actividades, eventos e información municipal de interese. A nova canle permitirá recibir di-

rectamente no móbil información municipal actualizada, de xeito rápido, cómodo e sen necesidade de acceder a outras plataformas. A veciñanza poderá subscribirse facilmente mediante unha ligazón dispoñible na web e nas redes sociais municipais.



CONDADO/PARADANTA

O SAF e Óbolo en conflito permanente

En folga indefinida dende o pasado 26 de setembro, un grupo de traballadoras do SAF mantén en pe o conflito laboral coa concesionaria Óbolo. A escalada deste conflito subiu en intensidade este 28 de outubro cando o persoal en folga iniciou un peche dentro das dependencias do Concello tras un tenso pleno municipal, permanecendo toda a noite e ata as 10:30 am do día seguinte reclamando unha solución urxente así como a marcha de Óbolo de Ponteareas.

Ese mesmo día, e acompañadas

do secretario xeral da CIG, Paulo Carril, as traballadoras realizaron unha concentración na entrada do Concello á que tamén sumouse o BNG esixindo a rescisión do contrato a Óbolo. Tras asegurar que irá “ata as últimas consecuencias” na defensa destas demandas, a CIG acusou ao goberno local de “criminalizar a loita das traballadoras do SAF”.

O Concello expedienta e denuncia “manipulación”

O pleno municipal do 28 de outubro acordou a apertura dun expediente sancionador contra

Óbolo por diversos incumprimentos na prestación do servizo. As sancións ascenden a un monto total de 25.507€. Con anterioridade, Inspección de Traballo tamén abriu un expediente sancionador contra Óbolo por infracción laboral.

O concelleiro de Facenda, Francisco Represas, indicou que “das 61 traballadoras que forman parte do servizo, 13 secundan a folga, 18 están de baixa médica e o resto continúa prestando atención con total normalidade”. Tras asegurar que o Concello está garan-



tindo a atención ás 74 familias afectadas, Represas indicou que se ben o goberno municipal respecta o dereito á folga, rexeita

“rotundamente o uso político, a descualificación e a manipulación que desde a CIG e o BNG están facendo con este conflito”.

Asfaltado das rúas Amieiros, Lavandeiras e Mimosas

Tras 25 anos de esquecemento e reclamacións veciñais, o Concello executou o asfaltado das rúas Amieiros, Lavandeiras e Mimosas, segundo explicou o tenente de Alcaldesa Juan Carlos Glez. Carrera, mellorando así o acceso ás vivendas dunha zona na que residen preto de 300 veciñas e veciños.

Os traballos consistiron na renovación integral do firme, coa aplicación dunha nova capa de aglomerado asfáltico e a corrección



das pendentes para facilitar a drenaxe da auga. Proximamente

procederáse ao pintado e sinalización destas rúas.

A modificación puntual do PXOM acelerará o novo Centro de Saúde

A concelleira de Urbanismo, Silvia Fdez. Táboas, informou que a Xunta vén de notificar ao Concello a aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Un aspecto que, segundo destacou, “permitirá acelerar a construción do novo Centro de Saúde” porque “no PXOM aprobado polo

anterior goberno non había ningunha reserva de solo das características que nos pedía a Xunta para un edificio de 5.000m²”. Grazas a esta modificación, a Xunta construírá o novo centro de saúde nunha parcela de 5.713m², situada dentro do ámbito de solo urbano consolidado, o que facilitará a súa execución.

Pola súa banda, a Alcaldesa,

Nava Castro informou que os orzamentos 2026 xa contemplan unha partida de 600.000€ para a redacción do proxecto. Tamén se prevé unha ampliación de persoal, cun facultativo máis, un odontólogo e profesionais en formación de Medicina de Familia e Comunitaria (MIR), e de Enfermería (EIR), ata alcanzar un total de 76 profesionais.

BNG: “A Xunta ignora a Ponteareas nos Orzamentos 2026”



A deputada Cristina Fernández Davila denunciou que o proxecto de orzamentos da Xunta para 2026 implica “unha vez máis o abandono e a falta de compromiso do Goberno galego e do PP co noso concello e coa comarca do Condado”.

Reclamou ao goberno galego

“unha rectificación inmediata durante a tramitación parlamentaria das contas, incorporando investimentos concretos que respondan ás necesidades do municipio”. O BNG anunciou que presentará emendas a través do seu grupo parlamentario para incluír actuacións prioritarias.

Sumar leva a N-120 ao Congreso

O Grupo Parlamentario Plurinacional Sumar no Congreso dos Deputados elevou tres demandas dirixidas ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana relativos á prioridade da seguri-

dade viaria nos quilómetros 644 e 645 da N-120; á previsión de licitación de obras nesa vía; e un calendario de execución verificable nun prazo máximo de seis meses e inicio das obras en tres meses seguintes.

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS
VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

Saturnino Montero
IMPRESA
TIPOGRAFIA - OFFSET
IMPRESION DIGITAL
C/. Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERIA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACION EN VINOLO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

OTunel
apas
Desde 1947
986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Nava Castro seguirá a presidir o PP local

O Comité Organizador do Congreso (COC) do PP de Ponteareas vén de proclamar como válida a proposta de xunta local presentada pola única candidata á presidencia da agrupación local, a Alcaldesa Nava Castro, e que foi sometida a votación da militancia no cónclave celebrado o 2 de novembro.

A xunta local estará igualmente conformada por Silvia Fernández (vicepresidenta), Andrés Sampedro (secretario xeral), Carlos Ojea (coordinador xeral), Francisco Represas (voceiro), Borja Álvarez (secretario de Comunicación), Laura Tato (Xuventude), Xabier Fernández (Análise e Acción Electoral) e Rafael Martínez (Acción Parroquial) En calidade de vogais están Celia Reig, Javier Martínez,



María Cruz López, Jesús Manuel Cao, Ricardo González, Cristian Montes, Raquel Plana, Antonio Álvarez, Manuel Regueira, Ángel Seijo, Antonio David, Daniel Castelini, Constantino Amado Fer-

nández, Estrella Domínguez, Alejandro Doval, Andrea Fernández, Luciano Edelmiro Represas, Francisco Gesteira, Lucía Toucedo, Janette Domínguez, Fátima Álvarez e Pedro Andrés Alfaro.

Reparacións ante as intensas choivas

Juan Carlos González Carrera, tenente de Alcaldesa e concelleiro de Vías e Obras do Concello, informou das obras urgentes de reparación no subsolo da rúa Rosalía de Castro ante as fortes choivas que provocaron deficiencias nas canalizacións soterradas, atascos e filtracións nos baixos, con continuos afundimentos do firme e fochancas profundas. O Concello asumiu a repara-



ción integral substituíndo e reparando as canalizacións en mal

estado e procedendo posteriormente á reposición do asfaltado.

600 quilómetros de limpeza e desbroces

O concelleiro de Desbroces e Xardíns, Domingo Freitas, fixo balance dos desbroces e limpeza de máis de 600 km de estradas, cun equipo formado pola capataz, un tractorista e dez peóns, 8 eventuais contratados por programas da Deputación e 2 da Xunta que rematan en novembro, nas 23 parroquias e no centro urbano. Destacou a limpeza da praia da



Freixa, San Roque, Moscadeira, Moreira, Nogueira e regato da Venda, entre outras.

Ponteareas en Común: “dous anos plantando cara ao PP”

A formación de esquerda alternativa Ponteareas en Común (PeC) anunciou para este 8 de novembro un acto cívico para facer balance dos seus dous anos no Concello, salientando o “feito histórico” da elección como concelleiro do seu voceiro Manoel Ucha.



PeC considera que é “a oposición máis firme e coherente fronte ao goberno de Nava Castro” e que levan “dous anos plantando cara ao PP”. Así a formación define cales son as súas políticas na actualidade: apoio activo á folga indefinida das traballadoras do SAF; voto en contra ás contas

municipais 2024 por “abandono dos servizos públicos e as políticas sociais”; a creación de comunidades enerxéticas locais; programas contra a soidade non desexada e a emerxencia social; plan de mobilidade sostible; e a defensa da vivenda pública e dos refuxios climáticos.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

ELECTRICIDAD

BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

PANADERÍA A BROA CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

papelón con LIMÓN

BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es

623 530 294

CENTRAL AGRICOLA

PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferretería

comercialareas@hotmail.com

986 66 11 91 - 629 52 24 18

Areas Picoto 36861 - Ponteareas

TALIER

SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b.j. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriataliermt@gmail.com

OPINIÓN

Por Arístides Carrera


Descuberto un castro en Nogueira, Ponteareas

Trátase dun recinto arqueolóxico inédito¹, cun antigo lugar fortificado. Está situado na parte oeste do barrio do Rego Alto da parroquia ponteareá de Nogueira.

O castro está na primeira elevación do monte despois da Poza do Areo e a uns 50 metros de altura sobre o nivel do mar. Con forma ovalada, ocupa unha superficie de terreo superior a unha hectárea.

O poboado, no que poideron asentarse de forma organizada os veciños durante a Idade de Ferro, localízase nun lugar estratéxico, soleado e resgardado do vento polo norte, á beira do monte con madeira e abundante caza, preto de amplas zonas de pastoreo, diante de terras moi fértils e a pouco máis de 500 metros do Río Tea que garantizaba abundancia de peixes.

O espazo está protexido por un terraplén moi pronunciado, na parte leste; un corte natural na rocha, que o separa polo norte do Regueiro do Campo Grande con forma de canón; unha suave elevación, pola zona oeste. Na parte sur, o terreo pode confundirse cunha prolongación do monte da contorna, polo que inicialmente poido haber un foxo escavado na terra, reforzado cunha muralla alta, defensas desmanteladas nos últimos séculos.



Pendente de estudar polos especialistas en arqueoloxía, apreciamos restos da muralla perimetral dende o lugar do Peirao, pola parte alta do Regueiro do Campo Grande ata preto da Poza da Ribeira. A principal entrada para o poboado está na parte leste, cun camiño empedrado por onde nos últimos anos os veciños accedían

cos carros para o alto deste monte. Fronte a entrada quedan os restos dunha construción de planta circular, que orixinalmente podería ser unha vivenda rematada coa cuberta de palla con forma cónica. Tamén apreciamos outros buracos con forma circular que poderían corresponder aos ali-cerces ou bases doutras casas.

Polo interior da muralla, que tamén serve para a contención do terreo, un camiño bordea a prehistórica aldea con varias terrazas enriba das laxes nas que se asentaban as vivendas dos antepasados. A fonte de auga parece estar á beira do regueiro.

Supostamente, cando os veciños consideraron que xa non era necesario vivir neste recinto fortificado, abandoarían pacificamente o lugar. Tras deixar o castro, taparían con terra as construcións para evitar que o recinto fose ocupado polos “mouros”² e outros invasores ou mesmo a conquista do pobado polos romanos, que extraeron o ouro nas ribeiras do río Tea.

Tendo en conta a forte actividade da canteiría tradicional, comprobamos como os veciños ao longo dos séculos foron extraendo e aproveitando as pedras da muralla e das construcións deste poboado para facer noutros barrios novas casas, alpendres e muros de contención.

Na parte oeste da zona alta do recinto fortificado quedan as ruínas dunha vivenda medieval con cortellos para o gando, cuxas pedras das paredes poideron ser aproveitadas doutras construcións máis antigas.

Despois de entrevistar a varios dos veciños máis vellos, estes dicían que para visitar as propiedades denominadas O Crasto sempre había que ir as terras de cultivo que están no fondo do val. Así, nos últimos tempos nadie coñecía nin escoitara comentarios sobre a existencia dun recinto fortificado, polo que este pasaba totalmente desapercibido na parte alta do monte coñecido como A Ribeira. A perspectiva máis espectacular da aldea é a vista pola parte norte, camiñando con botas de regar polo fondo do regueiro.

O noso achado incrementa o patrimonio arqueolóxico no concello de Ponteareas, merecedor de ser protexido e divulgado entre a veciñanza e o público en xeral. Lembramos que outro recinto castrexo, próximo e similar ao de Nogueira, está localizado pola parte suroeste da igrexa de Alxén, no concello de Salvaterra de Miño.

¹Tras dous anos analizando os topónimos da contorna, o recinto arqueolóxico coa muralla perimetral foi identificado por Arístides Carrera Lorenzo cando ía, acompañado con Diego Rodríguez e Antonio “de Sensión”, facendo un estudo de campo, recoñecendo o territorio de forma exhaustiva e recompilando a información para escribir o libro “Nogueira. Nomes dos lugares, patrimonio e historia” (pendente de publicar no vindeiro ano).

²As nosas lendas e a cultura popular identifica aos mouros como uns poboadores anteriores ao cristianismo.

www.novasdoeixoatlantico.com

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277

arealmadeiras@gmail.com

arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

acero+

imprenta • publicidade • web

A túa imprenta textil

604 08 43 68

PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com

GLITTER

Tu tienda especializada en

PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16

PONTEAREAS

glittercb2016@gmail.com

Tif. 986 17 78 63

645 38 96 68

RESTAURANTE

Pizzeria

SAN MARTÍN

desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10

36860 PONTEAREAS

sanmartinrestaurant@gmail.com

Telf.: 986 640 211

Móvil: 629 614 508

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A

36860 PONTEAREAS

info@cvpontareas.es

886 21 61 51

URX. 603 61 02 23

A CAÑIZA

O orzamento 2025 da Cañiza supera os 6M€

O Pleno municipal aprobou inicialmente o Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2025, cun importe total de 6.329.733,49 euros, cos votos a favor do equipo de Goberno e os votos en contra do Partido Popular e do Concelleiro non adscrito. Esta cifra supón un incremento de 363.346,60 euros respecto ao orzamento de 2024 (5.966.386,89 €), o que representa unha suba do 6,09 %.

O documento consolida o equi-



librio entre o gasto corrente, os servizos públicos e o investimento en infraestruturas, mantendo a

coherencia co Plan de Saneamento Financeiro aprobado en decembro de 2023. Entre as partidas orzamentarias destacan o funcionamento dos servizos municipais e ao gasto social, con especial atención ao SAF; modernización de servizos, mellora de infraestruturas e eficiencia enerxética; a humanización da rúa Antonio Facorro, melloras de eficiencia enerxética no edificio Multiusos, a reforma da depuradora e a mellora de camiños e espazos públicos.

Actualización de ordenanzas fiscais

O Pleno do Concello da Cañiza aprobou a actualización de once ordenanzas fiscais, algunhas delas sen actualizar desde 1994 e 1998, para garantir a estabilidade financeira e manter a redución da retención do Ministerio de Facenda no 25%. Esta medida enmárase no Plan de Saneamento

Financeiro coa finalidade de garantir a estabilidade orzamentaria, a liquidez da Tesouraría municipal e a sustentabilidade financeira da entidade local.

O Alcalde Luís Piña informou que a débeda municipal herdada de mandatos anteriores superaba os 4,5M€ toda vez o actual goberno debeu afrontar o pago de

facturas pendentes por un importe total de 2.769.008,52€ máis xuros, importe que agora o Concello está devolvendo ao Estado. Como consecuencia, o Concello vese obrigado a reintegrar esa débeda mediante retencións mensuais do 50% das cantidades que lle corresponden pola Participación nos Tributos do Estado (PTE)

Convenio para o pago da expropiación á Comunidade de Montes de Os Gómez en Oroso

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, informou que no Pleno ordinario do 17 de outubro aprobouse a sinatura dun convenio coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Os Gómez - Oroso, propietaria dos terreos expropiados no ámbito do antigo mercado de gando, actualmente convertido no Parque Empresarial da Uceira.

O convenio ten por obxecto formalizar o pago fraccionado do prezo xusto determinado polo Xurado de Expropiación de Galicia, que, en sesión plenaria do 2 de febreiro de 2023, fixou unha contía de 89.739,92€, incluíndo o 5 % de premio de afección, polas leiras 1, 2 e 3 afectadas polo proxecto de modificación puntual do PXOM. O convenio establece

que o Concello abonará o importe do prezo xusto en doce anualidades, de 7.478,32€ cada unha, comezando no exercicio 2025 e finalizando en 2036, cun último pagamento de 7.478,40€. Estes pagamentos realizáranse antes do 31 de decembro de cada ano e non xerarán intereses, agás en caso de demora.

Enerxía solar e autoconsumo colectivo

O Pleno da Cañiza do 24 de outubro aprobou a adhesión ao proxecto "Concellos de Reto Demográfico + Renovables III" co que instalará dúas plantas solares fotovoltaicas de auto-

consumo colectivo no edificio multiusos municipal e no edificio do skatepark. O investimento total previsto na Cañiza ascende a 113.654,09€, a través dun convenio coa Deputación con fondos europeos.

A RAG explica o cambio de nome para A Cañiza



O coordinador do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, Antón Santamarina, o académico Gonzalo Navaza e a secretaria da RAG, Ana Boullón, visitaron o Auditorio da Casa da Cultura da Cañiza para explicar ao Alcalde Luís Piña, membros

do Concello e a veciñanza as razóns pola que ditaminou mudar o nome deste Concello, ata agora oficialmente A Cañiza, para que a forma xenuinamente galega, A Caniza, e que sexa recoñecida na vindeira actualización do Nomenclátor de Galicia.

Novo párroco

O Alcalde Luís Piña deulle a benvinda institucional a José Manuel Pereira Vidal, o novo párroco das parroquias de Santa Teresa de Jesús da Cañiza, San Sebastián de Achas, Santa Eulalia de Deva e San Xulián de Petán. Pereira Vidal conta co 37 anos de ministerio sacerdotal exercendo con anterioridade nas parroquias de Barcia de Mera (Covelo), Sala-



manca, Fornelos da Ribeira (Salvaterra) e na Inmaculada Concepción de Vigo.

Esixen mellorar o SAT na Cañiza

Toda vez levan 28 semanas de protestas fronte o Centro de Saúde da Cañiza, a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado esixiu unha maior atención para o SAT a través da asignación dun pediatra así como o incremento do persoal médico. A Plataforma indicou que no Centro de Saúde atenden 2 médicos dos 3 asignados, cun só pediatra á semana en oficio compartido con Crecente, considerando que son



"medidas absolutamente insuficientes para atender aos máis de 5.000 pacientes entre adultos e crianzas nos dous Concellos".

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julloperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.

REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO

DROGUERÍA

FERRETERÍA

JARDINERÍA

BEBIDAS

SULFATOS

INSECTICIDAS

BUTANO

PUNTO DE VENTA

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL

Blona

de heno

CIMEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

CONDADO/PARADANTA

X Trofeo Cruceiro de Patinaxe Artística

O Pavillón Municipal do Covelo acolleu o 11 de outubro o IX Trofeo Cruceiro de Covelo reunindo a patinadoras e patinadores de diferentes niveis, amateur, cadete, nacional, rexional, alevín, benxamín e infantil nunha xornada chea de talento, esforzo e deportividade, destacando a actuación do Club de Patinaxe Covelo con Aroa Carrera – Nivel VI, 1ª posición; María Rodríguez – Nivel VIII, 1ª posición; Naia Lugo –



Categoría Benxamín, 1ª posición; IV, 2ª posición; Manuela Vázquez Noa Martínez – Categoría Infantil, 1ª posición; Nayra López – Nivel Lugo – Nivel VII, 2ª posición.

4.000€ en axudas para fomentar a natalidade

O Concello de Covelo vén de aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas municipais destinadas ao apoio á natalidade no ano 2025, co obxectivo de axudar ás familias e fomentar o asentamento de poboación no municipio. As axudas acadan un máximo de 500€ por cada nena ou neno nado ou adoptado entre o 30 de novembro de 2024 e o 30 de no-



vembro de 2025. O orzamento total destinado a esta convocatoria é de 4.000€ con cargo aos fondos municipais.

Xornada de Enfermaría no Rural en Covelo

O auditorio de Covelo acolleu a primeira Xornada de Enfermaría no Rural, un encontro organizado polo Colexio Oficial de Enfermaría de Pontevedra (COEPO) en colaboración cos Concellos de Covelo e Mondariz. O encontro incluíu un simulacro de accidente organizado pola Agrupación de Protección Civil Oitavén-Tea.



“Feminísimas” en Balneario

No marco do programa +Escénicas da Deputación, a Sala de Cultura do Concello de Mondariz Balneario exhibirá este 8 de novembro a peza teatral “Feminísimas” da compañía De Ste Xeito, que combina humor, ironía e complicidade para reflexionar sobre a amizade e o feminismo. A entrada é de balde.



Licencia para taxi adaptado

Mediante concurso público, o Concello do Covelo adxudicará unha licencia de taxi adaptado para operar en todo o municipio.

O prazo de solicitude rematou o 27 de outubro, con quince días hábiles para a publicación da licitación adxudicada.

O GDR obtén unha subvención para o relevo xeracional no agro

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra e Auga, conformado polos Concellos do Condado, A Paradanta e Salceda de Caselas, prepara para 2026 o primeiro “espazo test agrario” de Galicia,

unha iniciativa orientada a solucionar o relevo xeracional no sector primario. Para iso, a GDR obtivo unha subvención de 15.000€ da Fundación Daniel e Nina Carrasco para pór en marcha este proxecto de relevo agroecolóxico.

Preparando o Calendario 2026

A concellería de Cultura do Covelo vén de convocar a VI edición do Concurso de Fotografía co que se elaborará o calendario municipal do ano 2026, baixo o título “Covelo, Cultura, Turismo e Patrimonio”, promovendo as súas paisaxes, eventos, costumes e lugares emblemáticos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O PORRIÑO

Primeiro parque para animais

O Concello do Porriño vén de inaugurar oficialmente o primeiro parque para animais do municipio, un novo espazo situado na Avenida de Galicia, en pleno centro urbano, e unha parcela, de 1.614 m², dividido en dúas áreas diferenciadas: unha zona verde aberta ao público con outros elementos de mobiliario urbano; e outra área valada e pechada, pensada exclusivamente para o lecer de cans, gatos e outros animais domésticos.



A licitación un novo SAF por 2,8M€

O Concello do Porriño aprobou en pleno extraordinario a posta en marcha do expediente, o gasto e os pregos para a licitación do novo contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) que substituirá ao actual e entrará en vigor en xaneiro de 2026.

O novo contrato terá unha duración inicial de dous anos, cunha posible prórroga dun máis, e sae a licitación por un importe total de 2.826.777,60 €. Os novos pregos supoñen un incremento do 16% nos prezos unitarios por hora, fixando as tarifas en 26,17 €/h para a modalidade básica e




24,74 €/h para a modalidade de dependencia.

O número de persoas beneficiarias do SAF municipal ascende a 137, 10 na modalidade básica e 127 na de dependencia. Actualmente e o servizo conta con 63 traballadores, 60 auxiliares de axuda a domicilio, dous coordinadores e unha auxiliar administrativa.

tualmente e o servizo conta con 63 traballadores, 60 auxiliares de axuda a domicilio, dous coordinadores e unha auxiliar administrativa.

Modernización da Praza de Abastos

Cun investimento preto dos 400.000€ financiados na súa maioría pola Xunta, o Concello do Porriño iniciou as obras de mellora e modernización da praza de abastos que, en dúas fases, permitirán o acondicionamento do pavimento, canalizacións, saneamento, melloras en accesibilidade, iluminación e novas infraestruturas nos postos.



Unha das novidades destacadas é a instalación de taquillas térmicas para a conservación de produtos fríos e a incorporación de catro novas cámaras de frío, máis eficientes e sostibles. Co obxectivo de garantir a continuidade da actividade comercial durante a execución das obras, procedeuse á reubicación temporal dalgúns postos da zona de froita e peixe.

A internacionalización do Festival de Cans

O Festival de Cans comezou en Bruxelas un percorrido internacional que o levará por Lisboa, París e Madrid presentando as curtametraxes gañadoras da edición 2025, que serán presentadas polo director do Festival, Alfonso Pato. Paralelamente, o

Festival continuará coa difusión dos cineastas e creadores do Norte de Portugal con emisións das curtametraxes en Caminha, Monção, Paredes de Coura e Ponte de Lima nos espazos da Rede de Teatros e Cineteatros Portugueses (RTCP), dependente do Ministerio de Cultura.

A mocidade colle o pulso ao Festival



A Asemblea de Nenos do Festival de Cans creada para a edición 2025 reuniuse por segunda vez para recoller propostas para a vindeira edición 2026. Entre estas iniciativas destacan a creación dun Xurado de xente nova da aldea, do que formarán parte rapazas e rapaces de entre 12 e 16 anos,

que estean na idade de estudos da ESO, capacitada para conceder o Premio Xente Nova na categoría de Novas Camadas, reservada a cineastas de ata 25 anos. Outra proposta é a creación dunha sesión de cine de animación específica para nenos, no que eles mesmos asuman o rol de programadores.

“Cinematheca” para as parroquias

O Concello do Porriño e o Festival de Cans promoven entre outubro e novembro unha nova edición do ciclo “Cinematheca” para levar as curtametraxes e o cine ás diferentes aldeas do municipio como

Atios, Budiño, Torneiros, Cans, Chenlo, Mosende e Pontellas. A iniciativa tamén busca ampliarse cara outros Concellos como Mos, Pontearreas, Vigo, Mondariz e incluso Monção en Portugal.

Accesibilidade no Pavillón

O Concello do Porriño vén de finalizar as obras de ampliación e mellora da accesibilidade no pavillón municipal e na cancha ao aire libre, nas inmediacións do CEIP Xosé Fernández López. A actuación, que contou cun financiamento

total de 157.086,58€ dos que 120.974,93€ foron achegados pola Deputación, permitiu modernizar estas instalacións deportivas, dotándoas de maior capacidade, mellores condicións de uso e accesos adaptados para todas as persoas.

Reforzo Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

LOURIÑA

O PORRIÑO

Máis de 5M€ para proxectos en 2026 e 2027

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, presentou os proxectos que o Concello levará ante a Deputación de Pontevedra para optar ás diferentes liñas de axuda correspondentes aos exercicios 2026 e 2027.

En conxunto, estas actuacións supoñen un investimento que supera os 5M€, financiados de maneira conxunta pola Deputación e o Concello, destacando a rexeberación urbana do núcleo de Torneiros, con mobilidade peonil mediante a redistribución do espazo viario; a remodelación do



velódromo municipal, inaugurado en 1993 e único en Galicia, con espazos de pumptrack e skatepark;

e a senda peonil na estrada provincial no barrio de Casal en Budiño.

Novo curso da UNED

O Alcalde Alejandro Lorenzo e o director da UNED Pontevedra, Víctor Manuel González, inauguraron no Multicentro de Torneiros o curso 2025/26 da UNED no Porriño. Esta nova edición conta cun incremento de 46 estudantes matriculados en graos como Socioloxía, Traballo Social e Dereito, un índice que supera as 23 matrículas do curso 2023/24, o primeiro no que se ofreceron graos.



Pola súa banda, a Aula Senior da UNED está levando a cabo 26 cur-

sos e obradoiros nos que participan un milleiro de alumnos.

Un novembro de tapas con "D'Gusta Porriño"

O mes de novembro chega ao Porriño a Ruta de Petiscos e Tapas "D'Gusta Porriño", que se celebrará todos os venres e sábados a partir do 31 de outubro en 32 establecementos de hostalaría do municipio con innovacións gastronómicas. Coa organización do Concello e a colaboración da Asociación de Hostaleiros do Porriño (Ahospor) e da Xunta, os asistentes



poderán participar nun sorteo cun vale de 500€ e dez vales de 50€

para gastar na hostalaría e o comercio do Porriño.

O Porriño no Foro Urbano de España



O Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, participou na Coruña na terceira edición do Foro Urbano de España (FUE), cuxo obxectivo é concretar a planificación estratéxica urbana no marco da Axenda Urbana Española (AUE)

O Alcalde presentou as potencialidades dun municipio que supera os 20.000 habitantes e que conta cunha forte vocación industrial, con máis de 3,5M m2 de chan industrial e máis de 2.200 empresas, así como a súa aposta polas zonas verdes.

Ampliación da multinacional Lonza

O Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitaron as instalacións da multinacional biofarmacéutica Lonza Porriño, que ven de ampliar en 2.000m2

a súa superficie loxística no municipio. A multinacional con sede en Suíza e presenza en tódolos continentes conta no Porriño cunha superficie total de 35.000 m2, investindo uns 60M€ nos últimos cinco anos.

Novo aparcadoiro municipal

O Concello do Porriño vén de conseguir a cesión gratuita dunha parcela de 3.048,69m2 para acondionala como aparcadoiro público de balde, situada nas inmedia-

cións das pistas de tenis, con acceso dende a rúa Fernández Areal cara o centro de saúde, o polideportivo municipal, os xulgados e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Excursións ecoturísticas

Os días 4, 11 e 19 de novembro, o Concello do Porriño realizará visitas ecoturísticas para persoas maiores de 55 anos a Santiago de Compostela, A Coruña, o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda e o Pazo da

Oca na Estrada. Ademais de apreciar o patrimonio cultural e histórico, a iniciativa busca concienciar sobre a importancia da separación correcta dos residuos, a redución do lixo e o consumo responsable.

CENA FIN DE AÑO 2025

MENÚ

Langosta cocida
Centolla - Buey - Camarones
Langostinos al vapor
Vieiras a la marinera con jamón ibérico
.....
Sorbete de limón al cava
.....
Ternera gallega y cordero lechal al horno con guarnición

Tarta "Espíritu Navideño"
Helado con cookies de chocolate
BEBIDAS
Alvarinho Bouza do Rei
Alma Atlántica espumoso rosado
Ramón Bilbao Crianza
Cillar de Silos Crianza espumoso

RESERVA
también tu
CENA de EMPRESA



Manolo
RESTAURANTE

Barra libre

La mejor animación con:
"Jano Méndez" & "Disco Events Music"
Cotillón y Uvas de la suerte
Chocolate con churros de madrugada

PLAZAS LIMITADAS!

Precio con IVA: 145 euros

Comienzo de la cena a las 21:00 h

Teléfono de reservas:

986 333 404 - 986 344 141 - 666 595 983



JANO
MÉNDEZ
Eventos



Compartimos a vida



LOURINHA

MOS

Unha “profunda transformación” para Mos

Alcaldesa Nidia Arévalo informou que o Concello levará a cabo un ambicioso plan de investimento en obras públicas que supera os 3,5M€ para unha “profunda transformación” de vías principais, servizos de saneamento e espazos de uso diario en diferentes parroquias.

Trátase de catro grandes proxectos de investimento municipal, co apoio doutras administracións públicas: a Estrada Tameiga-Pereiras, con 1,5M€ para mellorar a seguridade peonil e a conectividade; o saneamento en Cela (Fondo de Atín, Camiño do Millón e da Pereiría), unha demanda histórica que terá un investimento de 434.329,45 €; a ampliación



do Parque da Auga de Pesqueira, cun orzamento de 507.575,75 €, incrementando a súa superficie ata os 8.477m2; e a mellora da

seguridade e mobilidade peonil en Porselo, con 701.556,68 € de obras no Edificio Multiusos das Pozas e ASO.DI.F.ISI.

O talento compositor mosense triunfa en Lisboa

O compositor Jacobo Gaspar Grandal, catedrático do Conservatorio Superior de Música de Vigo, gañou o primeiro premio no VII Concurso Internacional de Composición GMCL/Jorge Peixinho que organiza o Grupo de Música Contemporánea de Lisboa coa participación de 22 países.

A obra gañadora foi ‘Fragmentos do vento’, que emprega textos do poeta portugués Fernando Pessoa e está escrita para mez-



zo-soprano e un conxunto instrumental formado por oito instrumentos. O premio está dotado

cunha suma en metálico de 4000 euros e leva aparelado a edición da partitura.

Máis de 800 iniciativas veciñais



Entre o 6 e 20 de outubro, o Concello de Mos rexistrou 807 propostas veciñais no marco da súa iniciativa pioneira de participación cidadá “Mos Decide”, coa que pretende incluír a voz cidadá nos Orzamentos Municipais 2026.

Este proceso de participación

veciñal, dotado de 200.000€, continuará ata o 3 de novembro coa análise e validación técnica das propostas, para coñecer se cumpren cos requisitos de viabilidade técnica, económica e legal. Do 4 ao 14 de novembro, procederase á votación cidadá para elixir as propostas definitivas.

Novo local da Asociación de Mulleres Rurais

A Asociación de Mulleres Rurais de Mos ten novo local na Avenida de Sanguñeda número 1. Actualmente, esta entidade que en 2026 celebrará o seu 30º aniversario conta con preto de 150 socias. O novo local permitirá o desenvolvemento de diversas actividades formativas, de igualdade e de convivencia, reforzando o papel das Mulleres Rurais como



motor de participación e cohesión municipal.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
joseluix.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

SALCEDA DE CASELAS

Máis seguridade para o IES Pedras Rubias

O Concello de Salceda mellorou a pavimentación no Coto da Revolta, dentro do entorno do IES Pedras Rubias, cun orzamento de 57.141,50€, conta con unha axuda de 48.503€ por parte do AGADER, e fondos propios do Concello. Trátase de dous viarios de titularidade municipal que proporcionan acceso a diversas parcelas agrícolas situadas nas súas marxes, así como o ensanche de grande parte da estrada e ao pintado, incluíndo reserva de espazo para tráfico peonil, así como das



prazas de aparcamento para motos. Tamén se creará unha pequena área de lecer na parte traseira do edificio escolar.

Accesibilidade no Centro Cultural de Parderrubias

Gracias a unha subvención da Xunta de 12.000 e da Comunidade de Montes de Parderrubias de 865,15€, o Centro Cultural de Parderrubias conta dende agora con melloras de accesibilidade trala colocación dun salvaescadas así como de obras de eficiencia enerxética do edificio, neste último caso tras unha subvención solicitada pola Asociación Agrícola Cultural e Veciñal.



Comezaron as obras de reforma do Parque Raíña Aragonta

O Concello de Salceda deu comezo ás obras de reforma do Parque Infantil Raíña Aragonta. A actuación conta cun orzamento de 48.351,80 € financiado a través do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra.



Curso de Defensa Persoal

No marco da programación do 25N do Concello de Salceda, o ximnasio do Colexio Altamira acollerá os días 15, 22 e 29 de novembro

un curso de defensa persoal impartido por J.R. Solla, mestre nacional e cinturón negro 3º DAN, e Mariví Garo, mestra nacional e técnica en neurobiofeedback.

Mellora na escola infantil de Budiño

O Concello de Salceda procedeu a mellora do patio da escola infantil da parroquia de Budiño coa reparación dos dous elementos de xogo xa existentes e a instalación de catro novos. Ademais, realizouse a tala da figueira que supoñía un risco para os rapaces, garantindo así unha contorna máis segura para o xogo.



Compra de parcela na Praza da Devesa

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, vén de asinar ante notario a compra da parcela de 1.248 m2 existente no entorno da Praza da Devesa. A parcela pertencía á SAREB, e ata agora estaba sendo empregada como aparcadoiro disuasorio municipal.

Tras máis de catro anos de negociacións entre o Concello e a SAREB, partindo dunha valoración inicial da parcela en 220.771,67 €, a compra finalmente se puido formalizar en 80.000 € que se financiarán integramente con cargo ao Plan +Provincia 2025 da De-



putación. O equipo de goberno valora diversas opcións para esta parcela: empregala como nova zona verde; para a construción de algunha edificación aberta destinada a actividades para a xuventude; ou tamén para a construción de vivenda protexida.

Supervisión ao saneamento de Entenza

O deputado provincial Pablo Castillo e a Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, visitaron as obras de construción da rede de saneamento na parroquia de Entenza que o Concello de Salceda leva adiante cun investimento de 875.000€ por parte da Deputación vía plans Extra e +s Provincia. Entenza, xunto coa de Soutelo, eran as únicas parroquias salcedenses sen un sa-



neamento integral, unha prioridade na que o goberno local leva investido máis de 3M€ nesta lexislatura a nivel municipal.



Un Vigo Global Summit “de Nobel”

A xeopolítica e a xeoconomía serán os temas predominantes na edición 2025 do Vigo Global Summit que, baixo o título “Liderando e transformando a economía”, se celebrará no Auditorio Mar de Vigo os días 12 e 13 de novembro.

As conferencias maxistras correrán a cargo de gañadores do Premios Nobel como Daron Acemoglu (Nobel de Economía 2024) e Dmitri Muratov (Nobel da Paz 2021) así como o ex presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso. Destacan tamén as intervencións de David Regades, Delegado do Estado para a Zona



Franca; o Alcalde de Vigo, Abel Caballero; Xosé H. Vázquez, director editorial do encontro; Antón Costas, Alicia García-Herrero, Brian Wong, María Lorca Susino, Amparo Alonso Betanzos; Ángel Talavera; Inés Bermejo; Javier Sesma; Emma



Gómez; e a campiona olímpica Carolina Marín.

A cultura tamén estará presente na clausura do evento coa actuación musical de Baiuca, presentado pola xornalista Mamen Mendizábal, e do actor Carlos Blanco.

Macau busca conexión con Galicia



Entre o 27 e 31 de outubro, unha delegación do Centro Científico e Cultural de Macau (CCCM) desenvolveu unha intensa axenda de traballo en Pontevedra, A Coruña, Ferrol, Santiago e Vigo para fortalecer

os lazos institucionais, académicos, económicos e culturais entre Galicia, Portugal, China e a lusofonía. As actividades enmárcanse nun proxecto de mobilidades Erasmus+, con apoio doutras entidades galegas.

239M€ para os Orzamentos 2026

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presentou o contido do Orzamento do organismo provincial para o vindeiro ano 2026, que medra nun 13,6 % ata alcanzar os 238,6M€. As prioridades serán a atención aos Concellos e colectivos da provincia, así como para reforzar o deporte



con máis fondos e iniciativas e outras áreas estratéxicas como turismo, infraestruturas, cultura ou benestar social. López reivindicou a boa xestión do seu equipo de goberno indicando o “aforro de case 2,9 M€ no pago de intereses e que a Deputación pasa a estar tecnicamente en débeda cero”.

Nova sede de Down Vigo

A nova sede de Down Vigo foi inaugurada no centro histórico da cidade grazas á adquisición e rehabilitación por parte da Zona Franca dun edificio de máis de 1.000m2 cuxas obras foron levadas a cabo pola empresa Civis Global. Ao acto inaugural asistiron o delegado de



Zona Franca Vigo, David Regades, o alcalde Abel Caballero, o delegado do Goberno Pedro Blanco, os presidentes de Down Galicia e Down Vigo, Delmiro Prieto e Francisco Xavier Aparicio Alcaldes da comarca, o Bispo da Diocese de Tui-Vigo, organizacións empresariais e entidades sociais.

En “fase final” a transformación da ETEA

Respondendo a unhas declaracións realizadas polo PP de Vigo, David Regades, delegado do Estado para a Zona Franca na cidade olívica, declarou que agarda que “non se estea buscando entorpecer a colaboración entre as administracións na fase final da transformación urbana da ETEA”.

O convenio, que pretende recuperar a ETEA para espazos de investigación e de docencia, está actualmente en fase de tramitación entre o Concello de



Vigo, a Zona Franca e a Xunta. Regades informou igualmente os contactos co CSIC así como a posibilidade de cesión do Edificio Siemens.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

PfC Condado

+55
Pompas Fúnebres del Condado
Gracias

